

OFICINA TÉCNICA

Concluída as obras de reparación das cubertas do Pazo de Raxoi


O Consorcio de Santiago rematou no último mes as obras de reparación das cubertas do Pazo de Raxoi. Durante a intervención, modificouse a instalación de pluviais, coa inclusión dun sistema sifónico que permite a evacuación da chuvia que cae nesta gran superficie con só dúas baixantes. Ademais, inclúese un illante térmico que permitirá mellorar a eficiencia enerxética do edificio, así como tamén se substituíron as tellas do edificio, que estaban visiblemente danadas.



Máis información: <http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-conclue-obras-de-reparacion-das-cubertas-do-pazo-de-raxoi>

Abertas ao público as piscinas do Multiúsos Fontes do Sar tras a instalación da nova cuberta telescópica

As piscinas exteriores do complexo deportivo do Multiúsos Fontes do Sar están abertas desde este mes de xullo de novo tras rematar as obras de instalación da nova cuberta telescópica que permitirá mellorar os usos da piscina e que estea dispoñible todo o ano sen importar a meteoroloxía.



Veciños de Conxo fan ás súas contribucións ao Plan Especial de Protección e Rehabilitación do conxunto patrimonial do seu barrio

Os veciños do barrio compostelán de Conxo realizaron unha visita a comezos de mes acompañados de membros do equipo que está a redactar o plan especial de protección e rehabilitación da igrexa, hospital psiquiátrico e mosteiro de Conxo cos xardíns e hortas, zonas de acceso e núcleos de entorno.

Nesta xuntanza analizáronse as "necesidades e problemáticas relacionadas co tráfico ou cos servizos públicos así como coa conservación do patrimonio ou a integración co resto da cidade do barrio de Conxo", segundo indica Mario Crecente, coordinador do equipo encargado do proxecto.



Máis información: <http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/abertas-ao-publico-piscinas-do-multiusos-fontes-do-sar-tras-instalacion-da-nova-cuberta>
<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/vecinos-de-conxo-fan-suas-contribuciones-ao-plan-especial-de-proteccion-e-rehabilitacion-do>

O Consorcio de Santiago aproba un novo incremento das axudas á rehabilitación de vivenda

O Consorcio de Santiago celebrou na véspera do Día do Apóstolo a súa Comisión Executiva e o seu Consello de Administración. Un dos acordos desta xuntanza do Consello de Administración foi o de incrementar a partida de rehabilitación de vivendas ata os 700.000 euros, sendo o cuarto incremento anual consecutivo desde o exercicio 2019, dado que este ano tamén se esgotou o crédito dispoñible. Este acordo será ratificado na reunión do mes de decembro na que se concretará definitivamente o orzamento do ano 2023.



Máis información: <http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-aproba-un-novo-incremento-das-axudas-rehabilitacion-de-vivenda>

PUBLICACIÓNS

As Memorias do Café Derby, xa en libro

O Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora presentaron na tarde deste mércores o libro Memorias do Café Derby (1929-2020) escrito polo xornalista e promotor cultural Fernando Franjo, e pertencente á biblioteca de divulgación xacobeo, que relata a historia deste café que é un emblema da cidade de Santiago.



Máis información: <http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-e-alvarellos-editora-publican-un-libro-coas-memorias-do-cafe-derby>



Tres libros da crítica de arte Mercedes Rozas xuntan imaxes tomadas en Santiago e nos camiños que levan a el

O Consorcio de Santiago e Teófilo Edicións presentaron este xoves tres libros editados pola crítica de arte e comisaria de exposicións Mercedes Rozas, pertencentes á Biblioteca de Imaxes do Consorcio.

Destes tres tomos, 'A Paisaxe e a súa pegada' recolle imaxes tomadas por fotógrafos en Santiago e polos camiños que levan a Compostela mentres que 'A poética da ilusión' e 'Unha habitación para a noite' forman parte do proxecto 'Dobre Quadratura' que desenvolveu o Consorcio de Santiago en diferentes mostras.

Máis información: <http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-e-teofilo-edicions-presentan-tres-libros-da-critica-de-arte-mercedes>

MÚSICA



A Real Filharmonía de Galicia encheu de música a Praza da Quintana polas Festas do Apóstolo

Santiago viviu este xoves 28 de xullo unha fermosa xornada chea de música coa Real Filharmonía de Galicia interpretando grandes clásicos baixo a batuta de Diego García Rodríguez con Rubén Simeó como solista. Neste mes tamén viviu grandes citas como no Pazo de Goiáns de Boiro ou con Peregrinos Musicais no Auditorio de Galicia. No mes de agosto actuará no Festival Hércules Brass de Celanova o vindeiro día 4 e no Festival Bal y Gay de Viveiro o día 12.